

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 5 de outubro de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

## 11.- Propostas de adxudicación

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 1, 2, 5 e 6)**

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 1, 2, 5 e 6)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 18 de agostos de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Declarar a urxencia da tramitación do procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo. Expediente 19157-101.*

*Segundo.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 11 de agosto de 2022 asinado pola Xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 17 de agosto de 2122, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.*

*Terceiro .- Autorizar un gasto polo importe da licitación 110.149,68 € (co iva incluído) sendo o importe do 10% de iva 10.013,61 €. Sendo a única anualidade do 1 de outubro de 2022 ao 30 de setembro de 2023. Sendo a única anualidade para cada lote a seguinte: LOTE 1 Ano 2022: 2.635,14 € / Ano 2023: 7.905,50 €; LOTE 2 Ano*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/10/2022 08:37	Páxina 1 de 5
19157-101	CSV: A8ACB8-25C9BH-CD3BEF-W6SL1A-A841QA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2022: 3.293,94 € / Ano 2023: 9.881,86 €; LOTE 3 Ano 2022: 3.293,94 € / Ano 2023: 9.881,86 € LOTE 4 Ano 2022: 4.611,51 € / Ano 2023: 13.834,61 €; LOTE 5 ano 2022: 9.881,85 € / Ano 2023: 29.645,55 €; LOTE 6 Ano 2022: 3.162,18 € / Ano 2023: 9.486,58 €; LOTE 7 Ano 2022: 658,77 € / Ano 2023: 1.976,39 €

Este gasto podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) dos orzamentos de Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) na seguinte orde descendente:

➤ **LOTE 1: (almorzo ou coffe break)**

<b>Empresas licitadoras</b>	<b>Total puntos</b>
GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN	100,00
LUCIMARCA, S.L	36,80
EL TRIGAL CELTA, S.L.	00,00

➤ **LOTE 2: (cafes e infusións para roldas de prensa)**

<b>Empresas licitadoras</b>	<b>Total puntos</b>
GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN	100,00
LUCIMARCA, S.L	00,00

➤ **LOTE 5: (servizo de catering xantar ou cea)**

<b>Empresas licitadoras</b>	<b>Total puntos</b>
GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN	80,00
LUCIMARCA, S.L	12,80

➤ **LOTE 6: (Bolsa brunch ou almorzos empaquetados)**



<b>Empresas licitadoras</b>	<b>Total puntos</b>
GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN	98,40
LUCIMARCA, S.L	49,00
PANADERIA EL TRIGAL CELTA	0,00

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN (B-27847508) nos lotes 1, 2, 5 e 6 para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L., o día 16 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 21 e 22 de setembro de 2022, dentro do prazo concedido. Rematado o prazo, o licitador achega nova documentación os días 4 e 5 de outubro.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2022 admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este



contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula de data 13 de setembro de 2022.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508) os lotes 1, 2, 5 e 6 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 1, 2, 5 e 6) coas seguintes condicións:*

*- LOTE 1: Servizo de catering para almorzo ou "coffe break" (recesos de charlas, reunións de traballo, plenos, cursos ou calquera evento)*

- a) O prezo máximo do lote é de 10.540,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 958,24 euros, cun prezo unitario de 4,91 euros.*
- b) Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (4 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 1 do PPTP) en 4 unidades.*
- c) Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 2 unidades.*

*- LOTE 2: Servizo de catering para cafés e infusións para roldas de prensa*

- a) O prezo máximo do lote é de 13.175,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.197,80 euros, cun prezo unitario de 2,36 euros.*
- b) Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (1 produto segundo a cláusula 8. B. lote 2 do PPTP) en 3 unidades.*
- c) Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 1 unidade.*

*- LOTE 5: Servizo de catering para xantar ou cea*

- a) O prezo máximo do lote é de 39.527,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.593,40 euros, cun prezo unitario de 35,34 euros.*
- b) Incrementa o nº de unidades de entremeses varios salgados sobre o*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/10/2022 08:37	Páxina 4 de 5
19157-101	CSV: A8ACB8-25C9BH-CD3BEF-W6SL1A-A841QA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO DE  
VIGO



- estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (4 unidades) en 3 unidades.*
- c) Incrementa o nº de unidades de sobremesa doce sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (3 unidades) en 3 unidades.*
  - d) Incrementa o número de camareiros/as uniformados para cada mesa sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (1 camareiro/a por mesa) en 1 unidade.*

*- LOTE 6: Bolsa "brunch" ou almozos empaquetados para eventos informais fora de instalacións municipais*

- a) O prezo máximo do lote é de 12.648,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.149,89 euros, cun prezo unitario de 9,56 euros.*
- b) Incrementa o número mínimo do tipo de produtos (4 tipos) segundo a cláusula 8. B. lote 6 do PPTP en 1 unidade.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/10/2022 08:37	Páxina 5 de 5
19157-101	CSV: A8ACB8-25C9BH-CD3BEF-W6SL1A-A841QA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		